

Recadación de fondos de cara á volta ao cole

**EROSKI E SAVE THE CHILDREN UNEN FORZAS
CONTRA A POBREZA INFANTIL EN ESPAÑA**

- **EROSKI doaralle a *Save the Children* os beneficios obtidos da venda da súa bolsa solidaria durante os meses de agosto e setembro**
- **A cooperativa desenvolve ademais unha campaña de recollida de material escolar en hipermercados do País Vasco, Navarra, Cantabria, A Rioxa e Burgos**

Elorrio, 4 de agosto do 2016.- [EROSKI](#) puxo en marcha unha campaña solidaria na súa rede de supermercados e hipermercados co fin de recadar fondos a prol de [Save the Children](#). Deste xeito, ambas as dúas organizacións unen forzas contra a pobreza infantil en España, coa ollada posta en garantir material escolar a nenos en risco de exclusión de cara á vindeira volta ao cole. A campaña vaise desenvolver durante os meses de agosto e setembro.

"Contribuír a unha sociedade máis xusta, solidaria e sostible forma parte do noso ADN como cooperativa de consumo. Con esta campaña confiamos en axudar a fortalecer os recursos de *Save the Children* e garantir a equidade educativa dos menores en idade escolar", sinalou o director de Responsabilidade Social de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

"Apoios como o de EROSKI son imprescindibles no noso traballo coa infancia máis vulnerable. A súa colaboración servirá para mellorar as vidas de nenos en risco de exclusión no noso país e conseguir que todos teñan as mesmas oportunidades para desenvolver o seu máximo potencial", indicou o director xeral de Save the Children, Andrés Conde.

Recadación de fondos a través da bolsa solidaria

No marco desta campaña, EROSKI destinará os beneficios da venda da súa bolsa solidaria a *Save the Children* durante os meses de agosto e setembro. A bolsa pódese adquirir nos supermercados e hipermercados da cooperativa ao pasar pola caixa.

Ademais, preto dunha vintena de hipermercados EROSKI do País Vasco, Navarra, Cantabria, A Rioxa e Burgos desenvolve adicionalmente unha campaña de recollida

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

de material escolar. Os consumidores poden adquirir cadernos, blocks de follas, pinturas, rotuladores e material de escritura que *Save the Children* repartirá logo entre os nenos que atende a través do Programa de Loita contra a Pobreza Infantil.

A infancia é o colectivo no que máis impactaron a crise económica e os recortes en axudas sociais. A través deste programa, *Save the Children* aposta pola educación como a ferramenta máis poderosa para romper o círculo de transmisión da pobreza. A organización préstalles apoio educativo a nenos con privacións severas e desenvolve actividades de lecer e tempo libre que lles permitan a eles e ás súas familias ter as mesmas oportunidades ca as demais. En total, no 2015 apoiou a 8.027 nenos e a 2.603 adultos en situación de pobreza.

Sobre EROSKI

EROSKI, que engadirá a maiores unha achega adicional á recadación desta campaña, desenvolve dende os seus inicios múltiples iniciativas de acción social, principalmente relacionadas coa promoción dos hábitos de vida saudables, a formación ao consumidor, a defensa do medio natural e a solidariedade.

Sobre *Save the Children*

Save the Children é a organización independente líder na defensa dos dereitos da infancia en todo o mundo. Traballa en máis de 120 países salvando vidas, proporcionándolles seguridade e protección aos nenos e ás nenas e defendendo os seus dereitos no marco da Convención sobre os Dereitos do Neno das Nacións Unidas.

En España traballa dende hai máis de 20 anos con programas de atención aos nenos e nenas máis vulnerables, centrados na infancia en risco de pobreza ou exclusión social. A través dos seus programas en España, proporcionalles unha atención integral aos nenos e nenas e ás súas familias para que a situación económica ou de exclusión social na que viven os nenos non lles impida gozar plenamente dos seus dereitos e poidan alcanzar o máximo das súas capacidades.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)